

CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

9 e 10 de decembro do 2017

II ADVENTO



OS COTOS CO POBO DE SIRIA
E CON TODOS OS REFUXIADOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *Que **veña Deus** á nosa terra*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Nestes días de advento xa miramos para o Nadal e con palabras e feitos preparámonos para acoller ao que está a punto de nacer no medio de nós.

Non abonda con esperar a que os días pasen, non abonda con dicir “xa chegará”, non abonda con contentarse coas cousas tal e como están. É necesario pornos en camiño, porque non estamos satisfeitos con moito do que pasa ao noso arredor.

Tamén Xoán o Bautista, no evanxeo de hoxe, nos convida e mesmo nos urxe a preparar o camiño ao Señor, porque nós podemos facer moito.

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

Monitor/a A coroa do advento segue a marcar o ritmo do noso agardar ao Señor. Pouco a pouco imos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.

CANTO 🎵 *Que veña a luz ...*

Alguén se achega á coroa do advento

Hoxe queremos medrar coa luz dos que non se contentan con silenzos, e coma Xoán o Bautista, :
coas súas voces falan defendendo a pobres, vellos ou emigrantes,
coas súas voces condenan a violencia de xénero, ou a marxinación por seren enfermos,
e coas súas voces falan por tantas e tantas persoas esquecidas no paro, na soidade, na inxustiza.

Hoxe somos alumeados polos que fan vida así á nosa beira, somos alumeados por cantos compartidos aquí.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 *Que medre a luz ...*

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; lembramos ás persoas que viven sen saber cara onde camiñar.

(silenzo)

Deus, noso Pai,
non deixes que os traballos de cada día
impidan o noso camiñar a o encontro con Cristo.
Que o teu espírito de sabedoría
nos prepare a recibilo
e nos leve a participar da vida do teu Fillo.
Pedímoscho por El,
que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

No Leccionario II – B páxina 6

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

CANTO N° 7 🎵 *Andarei na presenza*

SALMO

(en pé) *No Leccionario II – B páxina 8*

EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO

SEGUNDO MARCOS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, escoitando a túa Palabra, queremos, Señor, ser unha comunidade acolledora da salvación que nos ofreces en Xesús. Dicimos.

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus Pai, que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, que se achega a todos nós convidándonos a vivir medrando día a día mirando sempre polos demais con ollos de tenrura?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus que alenta a colaborar camiñando á beira de quen necesita ser máis xustamente tratado?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, comunidade que necesita de nós para, ao xeito de Xoán Bautista, ser voz de esperanza e acollida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante *Oremos ao Señor, noso Deus, quen espera nel necesita prepara o camiño. Oremos dicindo* **VISITA AO TEU POBO, SEÑOR**

Monitor/a

1. Pola Igrexa: para que neste tempo de Advento sexamos luz e esperanza en tantas situacións de dificultade e crise. Oremos.

2. Polos gobernos: para que, procurando o ben común, nos axuden a construír camiños de paz, de igualdade, de caridade, de traballo digno. Oremos.

3. Polos que están angustiados e cansos no camiño da vida: para que atopen a carón deles unha man amiga que lles dea forzas e lles axude a superar os atrancos. Oremos.

4. Por todos nós, para que achandemos na nosa vida todo o que sexa atranco de encontro cos demais: prepotencia, desprezo, murmuracións, e así teñamos o corazón disposto para o encontro co Señor. Oremos.

5. Por todas as parroquias e as súas xentes, que nestes días e por moitos anos terán que seguir a sufrir as consecuencias dos pasados incendios. Oremos

Celebrante *Amósanos, Señor, a túa misericordia e dáanos a túa salvación. Por Xesucristo, noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Deus camiña cerca. Cerca da muller que espera dignidade e non violencia, cerca de quen non se vale por si só, cerca de quen non cala á hora de defender ao pobre, cerca de quen camiña na procura dun mundo novo e mellor. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dicirlle “Noso Pai que ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans abertas falan de acollida, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de esforzo pola paz. Que o Deus da paz nos alente a ser luz de Nadal.

CANTO ♪ *Que veña a paz á nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos espertos e atentos para facerlle un sitio ao que nos nace no Nadal.

Ditosos nós convidados a compartir este pan do Señor.

CANTO ♪ *nº 58 Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, Ti aléntasnos con esta celebración compartida. Rogámosche que a nosa participación no teu sacramento nos ensina a valorar con xusteza os bens da terra e a pór o corazón nos do ceo.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Vivir NADAL é saber que Deus confía en nós e quere pórse nas nosas mans.

Vivir NADAL é rezar hoxe con palabras que nos sigan dando azos para esperar na tolerancia e no respecto con quen pensa, vive e cree diferente.

Vivir NADAL é non virar as costas ás mulleres que malviven sufrindo violencia de xénero.

Que o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve á vida eterna. Amén

Unha pequena lembranza: o fin de semana do 17 imos ter unha recollida de alimentos. Organízase a través dunha asociación xuvenil, e estamos implicadas todas as parroquias de Os Cotos. Os alimentos recollidos repartiranse a través dos servizos sociais, de cáritas interparroquial e do banco de alimentos. Agradécese a colaboración. A recollida será na reitoral de Fornelos e nesta mesma parroquia

Avísase das misas (ver folla do mes)